

# 8 de marzo: día da muller traballadora

## 8 horas traballando, 8 horas para durmir, 8 horas para a nosa vida persoal e familiar

**D**ESDE a Secretaría da Muller da Confederación Intersindical Galega queremos aproveitar a conmemoración do 8 de marzo para reivindicar un mellor horario que permita compatibilizar a vida persoal e familiar.

As horas que botamos no ámbito laboral teñen un peso cada vez máis importante na vida dunha persoa. Non só porque do traballo depende a capacidade de subsistencia, senón tamén porque son moitas as horas que diariamente se gastan en chegar ao lugar de traballo e voltar del, e moitas as horas de ocupación que seguen, unha vez finalizada a xornada laboral. A dedicación ao traballo determina, en grande medida, non só o horario familiar, e as relacións intrafamiliares, senón tamén os períodos de vacacións, o tempo de lecer...

As mulleres somos especialmente sensíbeis ao tema da adaptación dos horarios. O peso da organización familiar segue recaendo en gran medida sobre nós, e por tanto, se o que pretendemos como central sindical é aumentar a participación das mulleres no mercado laboral, é preciso promover unha adaptación dos horarios da xornada laboral que permita unha verdadeira conciliación da vida laboral e familiar. Mais esta adaptación debe ir acompañada dunha oferta de servizos públicos de educación infantil e coidado de persoas dependentes, dunha compatibilidade nos horarios laborais e escolares, e da corresponsabilidade dos homes nas tarefas familiares e no fogar.

A lexislación non axuda a compatibilizar satisfactoriamente o traballo e a vida persoal. Hai moitas carencias por cubrir, que deben artellarse a través da negociación colectiva, de xeito que as medidas de conciliación teñan tanto peso como outros aspectos básicos, por exemplo, o salario.

Se nunha xornada dedicamos 8 horas a traballar, se recomendamos durmir e descansar, por tanto, 8 horas, debemos reivindicar tamén 8 horas para adicar á nosa vida persoal e familiar.

A incorporación progresiva da muller ao mercado laboral mudou de xeito radical a estrutura social, medrando o número de familias nas que ambos os membros da parella realizan traballo remunerado fóra do fogar.

Malia iso aínda está moi estendida a opinión de que cando un home traballa máis horas consideramos que o está a facer polo ben da familia; mais cando o fai unha muller pensamos que non adica á familia o tempo necesario. Este é un dos problemas culturais e sociais que pretendemos denunciar neste 8 de marzo.

A realidade económica e social actual, a profunda crise do sistema económico neoliberal, está tendo e terá como resultado unha situación crítica para as mulleres, por varias razóns, a saber:

- En primeiro lugar, en épocas de crise cando hai que reducir postos de traballo, os empresarios comezan non renovando os contratos das/os empregadas/os que teñen contrato temporal. A temporalidade no emprego é moito maior entre as mulleres que entre os homes.
- O traballo a tempo parcial é outra característica do traballo feminino. En Galiza o número de mulleres con xornada parcial duplica o de homes ao ser utilizada esa parte da xornada para conciliar a vida laboral e familiar. En caso de quedaren sen emprego, as prestacións serán menores.
- Convértese en prioritario para os gobernos manter a actividade empresarial e reducir a caída de emprego, deixando de lado ou recortando os fondos destinados a servizos sociais e de desenvolvemento do estado de benestar. Non debemos esquecer que todo o que deixa de proporcionar o estado, remátano asumindo as mulleres con maiores cantidades de traballo.

Unha recesión económica tende a reforzar os roles tradicionais das mulleres, porque o modelo necesita que se retiren do mercado de traballo e sosteñan a economía doméstica. Non obstante, tamén é certo que, fronte á escaseza económica, as mulleres saen o mercado de traballo. Nestes casos a inserción poder ser precaria e agonizante pola dobre xornada, xornadas de moitas horas e mesmo o pluriemprego, pero implica a oportunidade dunha maior autonomía para a muller, e é unha forma de



afrontar o grave endebedamento familiar, pois son cada vez máis as situacións nas que chega a ser a muller a única na familia con ingresos.

As mulleres galegas aspiramos non só a non agochar as nosas responsabilidades familiares, senón a facelas compatíbeis co noso traballo profesional. Desde a Confederación Intersindical Galega pretendemos que este non sexa o resultado dunha loita particular ou individual, senón colectiva e compartida entre homes e mulleres, que sexa recoñecida como un dereito social.

Desde a Secretaría da Muller da CIG, neste día da Muller traballadora, demandamos un novo marco legal que permita o deseño e implantación de políticas que faciliten a conciliación entre a esfera privada (persoal e familiar) e profesional, que vaia parello a un cambio cultural na sociedade: a revolución dos nosos horarios e dos nosos hábitos de vida.

## **POR UN MODELO SOCIOECONÓMICO NOVO, XUSTO E SOLIDARIO**

## **8 horas traballando, 8 horas para durmir, 8 horas para a nosa vida persoal e familiar**



Confederación Intersindical Galega  
[www.galizacig.com](http://www.galizacig.com)



**Confederación Intersindical Galega  
Secretaría Confederal da Muller**

Alfonso Molina s/n, 8ª planta  
Edificio sindical  
15008 A Coruña

Teléfonos: 981 900 633 - Fax: 981 151 539  
Correos-e:  
[muller@galizacig.net](mailto:muller@galizacig.net)  
[tecnica.igualdade@galizacig.net](mailto:tecnica.igualdade@galizacig.net)

Ilustración: Leandro Lamas Hermeida



Confederación Intersindical Galega  
[www.galizaicg.com](http://www.galizaicg.com)



*Secretaría da muller*